




# FAIAL DE FONTEFORMOSA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 5 km desde Riocereixa ou 15 km desde o Alto do Couto.

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2 ou 4 horas

Acúrtanse os días, baixa a temperatura, e as árbores, antes de entrar no descanso invernal, responden cun admirable e deslumbrante despregue de cor no que os dourados, vermellos e ocres, en todas as tonalidades, sinalan os puntos da paisaxe nos que manteñen a súa presenza as especies propias do país. Soutos, bidueirais, carballeiras... fragas de manchas de cores nas que podemos diferenciar, pola súa propia, as especies que a conforman.

Outono, finais de outubro e primeiros de novembro, son as datas ideais para gozar deste magnífico despregue nunha especie pouco común no territorio galego, polas súas esixencias ambientais, nunha das maiores e mellores concentracións de Galicia, na que o número de exemplares e a uniformidade do conxunto sobrepasan en superficie e beleza a todas as do seu contorno: o faial de Fonteformosa, no Courel (concello de Pedrafita do Cebreiro). O outono no faial é un prodixioso xogo de luces e sombras, de amarelos, dourados, laranxas e ocres; nas ponlas, no aire e no chan; que non deixan indiferente a ninguén.

## COMO CHEGAR:

Para achegarnos ao faial co coche a mellor maneira é ir desde O Cebreiro collendo a estrada que vai por Zanfoga e Santín ata a aldea de Fonteformosa (uns 7,5 km). Desde alí súbese ao Faial por un camiño de terra (2,5 km). Tamén se pode ir desde Seoane (O Courel) pola estrada que vai por Esperante, Mostaz, Millares, Romeor e Riocereixa, pero é moito máis lonxe, aínda que podemos aproveitar para coñecer unha fermosa área do Courel. Existe a posibilidade de ir a pé ou en bicicleta de montaña desde o alto do Couto, a carón do acceso á Devesa de Rogueira (na estrada de Seoane a Visuña). O camiño (14 km ida e volta) comeza nun cruce no que hai un pilón de auga e discorre preto dos cumes, pasando polas proximidades de varias fragas de interese (devesas do Faro e Riocereixa). Calquera das rutas escollidas paga a pena polas espectaculares paisaxes.

